

Enquisa de poboación activa. Primeiro trimestre de 2011

NOTA DE PRENSA

No primeiro trimestre de 2011 a taxa de paro sitúase no 17,3%

Activos

No primeiro trimestre de 2011 a poboación galega de 16 ou máis anos é de 2.380.500 persoas, das cales 1.307.200 clasifícanse como activas, o que sitúa a taxa de actividade no 54,9%. Con respecto ao trimestre anterior, o número de activos aumenta en 10.600 persoas e a taxa de actividade cinco décimas.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de activos aumenta en 9.500 persoas e a taxa de actividade cinco décimas.

Poboación de 16 ou máis anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 ou máis anos	2.380,5	-1,6	-0,1	-4,4	-0,2
Activos	1.307,2	10,6	0,8	9,5	0,7
Ocupados	1.080,7	-12,4	-1,1	-16,4	-1,5
Parados	226,5	23,0	11,3	25,9	12,9
Inactivos	1.073,3	-12,2	-1,1	-13,9	-1,3

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Por sexo, a taxa de actividade masculina aumenta 1 décima con respecto ao cuarto trimestre de 2010 e sitúase no 61,6%. Pola súa banda, a taxa de actividade feminina medra oito décimas ata o 48,8%

Poboación activa e taxas de actividade segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior		
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	
Poboación activa						
Total	1.307,2	10,6	0,8	9,5	0,7	
Homes	700,7	1,4	0,2	-1,7	-0,2	
Mulleres	606,5	9,2	1,5	11,2	1,9	
Taxa de actividade						
Total	54,9	0,5	-	0,5	-	
Homes	61,6	0,1	-	-0,1	-	
Mulleres	48,8	0,8	-	1,0	-	

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Ocupados

A ocupación diminúe en 12.400 persoas no trimestre ata situarse en 1.080.700 ocupados. A taxa de ocupación descende 5 décimas no primeiro trimestre de 2011 con respecto ao trimestre anterior.

Nos últimos doce meses o número de ocupados diminúe en 16.400 persoas o que supón unha redución do 1,5% do número de ocupados nun ano.

Por sexo, neste trimestre prodúcese unha baixada no número de homes ocupados (9.200 menos que no trimestre anterior) e no de mulleres (3.300 menos). Isto tradúcese nunha baixada de 0,7 puntos na taxa de ocupación masculina e 0,3 puntos na feminina.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2010, o número de homes ocupados descende en 16.200 persoas e o de mulleres ocupadas en 300. En termos relativos, isto supón unha diminución interanual do 2,7% e do 0,1% respectivamente.

Poboación ocupada e taxas de ocupación segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación ocupada					
Total	1.080,7	-12,4	-1,1	-16,4	-1,5
Homes	583,8	-9,2	-1,6	-16,2	-2,7
Mulleres	496,8	-3,3	-0,7	-0,3	-0,1
Taxa de ocupación					
Total	45,4	-0,5	-	-0,6	-
Homes	51,4	-0,7	-	-1,3	-
Mulleres	39,9	-0,3	-	0,0	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Atendendo aos sectores de actividade económica (segundo a CNAE 2009), o número de ocupados na construción baixa en 6.500 persoas no trimestre e sitúase en 95.000. Os servizos e a agricultura e pesca perden 5.900 e 3.600 ocupados respectivamente e a industria gaña 3.600.

Con respecto ao mesmo trimestre do ano anterior, o número de ocupados na construción cae un 12,3%, na industria un 0,6%, nos servizos un 0,4% e na agricultura e pesca medra un 1,2%.

Poboación ocupada segundo sectores de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.080,7	-12,4	-1,1	-16,4	-1,5
Agricultura e pesca	83,6	-3,6	-4,1	1,0	1,2
Industria	171,0	3,6	2,2	-1,1	-0,6
Construción	95,0	-6,5	-6,4	-13,3	-12,3
Servizos	731,1	-5,9	-0,8	-3,0	-0,4

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Asalariados

En Galicia hai 842.400 asalariados no primeiro trimestre de 2011, 641.900 con contrato indefinido e os 200.600 restantes con contrato temporal. Con respecto ao trimestre anterior hai 5.600 asalariados máis con contrato indefinido, o que supón un incremento do 0,9%. O número de asalariados con contrato temporal baixou en 13.300 persoas (un 6,2% menos). No que

respecta á variación interanual, os asalariados con contrato temporal diminuíron un 4,4% e os con contrato indefinido un 2,1%.

A taxa de temporalidade, calculada como a porcentaxe de asalariados con contrato temporal sobre o total de asalariados, diminúe 1,3 puntos neste trimestre ata o 23,8%.

Poboación asalariada segundo tipo de contrato e taxa de temporalidade. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación asalariada					
Total	842,4	-7,8	-0,9	-23,0	-2,7
Contrato indefinido	641,9	5,6	0,9	-13,7	-2,1
Contrato temporal	200,6	-13,3	-6,2	-9,3	-4,4
Taxa de temporalidade	23,8	-1,3	-	-0,4	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Parados

No primeiro trimestre de 2011 Galicia conta con 226.500 parados, 23.000 máis que no trimestre anterior. En termos relativos isto supón un incremento do 11,3%. A taxa de paro sobe 1,6 puntos e sitúase no 17,3%.

Con respecto ao primeiro trimestre do ano 2010, o número de parados aumenta en 25.900 persoas (un 12,9%) e a taxa de paro 1,8 puntos.

Este trimestre o paro aumenta máis entre as mulleres (12.500 parados máis) que entre os homes (10.600). O número total de homes parados é de 116.900 e o de mulleres 109.700. A taxa de paro masculina e feminina aumentan 1,5 e 1,8 puntos respectivamente ata o 16,7% e o 18,1%, respectivamente.

No tocante a variación interanual, o número de parados incrementábase en 14.500 persoas entre os homes (un 14,2% máis) e 11.500 entre as mulleres (un 11,7% máis).

Poboación parada e taxas de paro segundo o sexo. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación parada					
Total	226,5	23,0	11,3	25,9	12,9
Homes	116,9	10,6	10,0	14,5	14,2
Mulleres	109,7	12,5	12,9	11,5	11,7
Taxa de paro					
Total	17,3	1,6	-	1,8	-
Homes	16,7	1,5	-	2,1	-
Mulleres	18,1	1,8	-	1,6	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Fogares

No primeiro trimestre de 2011, o número de fogares con polo menos un activo e nos que todos os seus membros activos están parados aumentou en 7.500 fogares ata acadar os 69.400. Respecto ao primeiro trimestre de 2010 esta tipoloxía de fogares aumenta un 14,1%.

Pola súa banda, o número de fogares nos que todos os seus membros activos son ocupados diminúe en 16.800. O número de fogares nesta situación é de 552.900. En relación co mesmo trimestre do ano anterior hai 9.900 fogares menos nesta situación, o que supón unha baixada do 1,8% en termos relativos.

Vivendas segundo a tipoloxía de actividade. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de vivendas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Total	1.022,6	-3,9	-0,4	8,6	0,8
Fogares con polo menos un activo	745,1	0,2	0,0	10,0	1,4
Todos os activos son ocupados	552,9	-16,8	-2,9	-9,9	-1,8
Todos os activos son parados	69,4	7,5	12,1	8,6	14,1
Con ocupados e parados	122,8	9,6	8,5	11,3	10,1
Fogares nos que non hai ningún activo	277,5	-4,1	-1,5	-1,4	-0,5

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Poboación xuvenil

Dos 406.500 mozos galegos de entre 16 e 29 anos, 165.000 están ocupados, 74.000 parados e os 167.500 restantes son inactivos (o 86,8% estudantes).

A taxa de ocupación deste colectivo sitúase no 40,6% no primeiro trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior baixou 1,9 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2010 baixou 2,8 puntos.

A taxa de paro xuvenil subiu durante o trimestre 3 puntos ata situarse no 31%. En comparación co primeiro trimestre de 2010 incrementouse 3,5 puntos.

Poboación de 16 a 29 anos segundo a relación coa actividade económica. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Dato do trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Poboación de 16 a 29 anos	406,5	-4,9	-1,2	-19,7	-4,6
Activos	239,0	-3,3	-1,4	-15,8	-6,2
Ocupados	165,0	-9,7	-5,5	-19,7	-10,7
Parados	74,0	6,3	9,4	3,9	5,6
Inactivos	167,5	-1,6	-0,9	-3,9	-2,3
Taxa de actividade	58,8	-0,1	-	-1,0	-
Taxa de ocupación	40,6	-1,9	-	-2,8	-
Taxa de paro	31,0	3,0	-	3,5	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

No primeiro trimestre de 2011, o 80% dos ocupados de entre 16 e 29 anos ten xornada completa. Para o conxunto dos ocupados esta porcentaxe é do 88%. Con respecto ao cuarto trimestre de 2010, diminúe o número de mozos con xornada completa (6%) e o número dos que teñen xornada parcial (3,8%). Con respecto ao primeiro trimestre de 2010 prodúcese unha baixada do 11,3% nos mozos ocupados con xornada completa e do 8,1% para os que teñen xornada parcial.

Poboación ocupada de 16 a 29 anos segundo o tipo de xornada. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Tipo de xornada					
Total	165,0	-9,7	-5,6	-19,7	-10,7
Completa	132,0	-8,4	-6,0	-16,8	-11,3
Parcial	33,0	-1,3	-3,8	-2,9	-8,1

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Dos 144.800 asalariados existentes neste trimestre de entre 16 e 29 anos, 69.600 teñen contrato indefinido, o que supón unha diminución do 9,8% respecto ao trimestre anterior e do

18,6% respecto ao mesmo trimestre do ano anterior. Pola súa banda o número de mozos asalariados con contrato temporal diminuíu un 2,8% no trimestre ata situarse en 75.200. Respecto ao primeiro trimestre de 2010 produciuse unha caída do 11,1% para os mozos con este tipo de contrato.

A taxa de temporalidade para o colectivo dos mozos e mozas de entre 16 e 29 anos sitúase no 51,9% no primeiro trimestre de 2011. Con respecto ao trimestre anterior esta taxa incrementouse 1,9 puntos e con respecto ao mesmo trimestre do ano 2,2 puntos.

Poboación asalariada de 16 a 29 anos segundo a duración do contrato. Galicia. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	Trimestre actual	Variación sobre o trimestre anterior		Variación sobre o mesmo trimestre do ano anterior	
		Absoluta (diferenza)	Relativa (%)	Absoluta (diferenza)	Relativa (%)
Duración do contrato					
Total	144,8	-9,8	-6,3	-25,4	-14,9
Indefinido	69,6	-7,6	-9,8	-15,9	-18,6
Temporal	75,2	-2,2	-2,8	-9,4	-11,1
Taxa de temporalidade	51,9	1,9	-	2,2	-

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Grandes municipios

Para os sete grandes municipios galegos, Santiago de Compostela é o que presenta a maior taxa de ocupación (53,7%). Ferrol, cun 43,8%, é o concello coa menor taxa de ocupación, e Pontevedra e Vigo son os que contan cunha maior taxa de paro (20,8%).

Poboación segundo a relación coa actividade económica e taxas de actividade, ocupación e paro. Grandes municipios galegos. Primeiro trimestre de 2011

Miles de persoas e porcentaxes

	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra	Santiago de Compostela	Vigo	Ferrol
Poboación de 16 ou máis anos	211,4	86,3	95,5	71,4	81,8	256,4	62,5
Activos	122,1	52,5	54,5	42,7	51,8	156,5	34,2
Ocupados	102,0	44,5	46,3	33,8	43,9	124,0	27,4
Parados	20,1	8,0	8,2	8,9	7,9	32,5	6,8
Inactivos	89,3	33,8	41,0	28,6	29,9	99,9	28,4
Taxa de actividade	57,7	60,9	57,0	59,9	63,4	61,0	54,7
Taxa de ocupación	48,2	51,5	48,5	47,4	53,7	48,4	43,8
Taxa de paro	16,5	15,3	15,1	20,8	15,2	20,8	19,8

Fonte: IGE-INE. Enquisa de poboación activa

Nota: os resultados dos sete grandes concellos deben tomarse con precaución porque poden estar afectados por elevados erros de mostraxe

Pódese consultar a metodoloxía desta estatística en:

http://www.ige.eu/estatico/pdfs/s3/metodoloxias/met_EPA_2005_Dupli_gl.pdf

Información detallada en:

http://www.ige.eu/web/mostrar_actividade_estadistica.jsp?idioma=gl&codigo=0204008

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística
Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>
Teléfono de información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)
FAX: 981.54.13.23
Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>